

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás oito horas e corenta e catro minutos no día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e un, reúnese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López (por videoconferencia), don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Subín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro (por videoconferencia) e do interventor do Concello don Manuel Larrosa Rodríguez; sesión que se adoptan os acordos seguintes:

### Orde do Día

#### PARTE RESOLUTIVA

#### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS: 28.12.20 e 30.12.20.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade aprobou as actas das sesións mencionadas.

#### 2º.- EXPEDIENTES DE URBANISMO.-

##### Licenza de primeira ocupación de vivenda

#### PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- Expte 01/2020.- MANUEL LÓPEZ LÓPEZ.- Para a licenza de primeira ocupación de vivenda sita no lugar ██████████, parroquia de Pantín, Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 154/2016, licenza concedida en X.G.L. de data 12 de abril de 2017.

Visto o informe do arquitecto municipal de 22 de xaneiro de 2021 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licenza de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Conceder ao peticionario Manuel López López a licenza de 1ª ocupación de vivenda ubicada ██████████ s/n, parroquia de Pantín, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

2º.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licenza de 1ª ocupación, con importe de 53,72 euros.

3º.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite.

En Valdoviño, 26 de xaneiro de 2021.

O alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a licenza de 1ª ocupación anteriormente transcrita.**

### **3º.- PROPOSTA DE CANCELACIÓN DE GARANTÍA CONSTITUÍDA MEDIANTE AVALA “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L”.-**

**VISTA** a solicitude efectuada por D. Manuel López Grobas con DNI nº [REDACTED] en nome e representación de CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S. L. de data 3 de novembro de 2020, correspondente á obra de:

“Acondicionamento de las escuelas unitarias de Taraza y Villarrube” por importe de 3.396,65 euros.

**VISTO** que transcurriu amplamente o prazo dun ano dende a data da recepción (14/07/2014) da obra e visto o informe da técnica directora da obra emitido en data 21 de xaneiro de 2021 e presentado o 22 de xaneiro de 2021 e no que se fai constar que:

“Pola empresa adjudicataria executouse a citada obra cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato, segundo as previsións contidas no proxecto técnico e as particulares indicadas por esta Dirección.

A día de hoxe e transcurrido un tempo superior (6 anos) ao prazo de garantía de un (1) ano dende a Recepción da obra (14/07/2014), non se lle ten comunicado a esta dirección de obra por parte do concello ningunha incidencia xerada polas obras executadas en ditas Escolas Unitarias.

Por todo o anterior, a arquitecto informa, no seu estrito ámbito de competencias meramente técnicas e sen perxucio de mellor interpretación xurídica ao respecto, que as obras cumpren as condicións para proceder á devolución da garantía correspondente.”

En virtude do art. 102.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, o vixente na data de adjudicación da devantida obra: **“Artículo 102. Devolución y cancelación de las garantías. 2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.**

El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el

*interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si ésta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración. 3. En el supuesto de recepción parcial sólo podrá el contratista solicitar la devolución o cancelación de la parte proporcional de la garantía cuando así se autorice expresamente en el pliego de cláusulas administrativas particulares. 4. En los casos de cesión de contratos no se procederá a la devolución o cancelación de la garantía prestada por el cedente hasta que se halle formalmente constituida la del cesionario.*

*Transcurrido un año desde la fecha de terminación del contrato, sin que la recepción formal y la liquidación hubiesen tenido lugar por causas no imputables al contratista, se procederá, sin más demora, a la devolución o cancelación de las garantías una vez depuradas las responsabilidades a que se refiere el artículo 100.”*

En consecuencia

PROPONSE:

DEVOLVER o AVAL por importe de 3.396,65 euros citado a nome de CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S. L. para responder das obrigas da obra: “Acondicionamento de las escuelas unitarias de Taraza y Villarrube” depositado por importe de 3.396,65 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O Alcalde,  
Asdo. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía de devolución de aval.**

**4.- PROPOSTA ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2021.-**

O Sr. Alcalde somete a consideración da Xunta de Goberno Local, propoñendo a súa aprobación a adhesión ao programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o 2021, despois de ver o informe de Traballadora Social do Concello, do seguinte contido literal:

\_Paula Fernández Dopazo, Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Col. 2116) en relación coa convocatoria de subvencións do Programa de Financiamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2021 (BOP nº 215 do 16.12.20)

PROPOÑO Á xunta de Goberno Local a aceptación do seguinte contemplado nas bases:

1. Aceptar as bases da convocatoria, do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2021, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.

2. Adherirse ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2021, de acordo coas contías xerais previstas na

Base 13 do Programa e co financiamento que se indica no cadro de orzamento e financiamento previstos que se achega xunto coa solicitude.

3. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

En Valdoviño a 21 de xaneiro de 2021”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a citada adhesión en base ao informe transcrito.**

**5º.- APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES PARA MERCA DOS AGASALLOS DE NADAL (2020).-**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES PARA A COMPRA DOS AGASALLOS DE NADAL (2020):**

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobar o pagamento das axudas concedidas e xustificadas en relación ás medidas de apoio ás familias e menores para a compra dos agasallos de Nadal e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

**"INFORME- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO PAGAMENTO DAS AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES PARA A COMPRA DOS AGASALLOS DE NADAL (2020)**

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en aplicación das bases que regulan as axudas para a concesión de axudas de medidas de apoio ás familias e menores para os agasallos de Nadal en relación ás xustificacións presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello*

**INFORMO:**

1. *Que a concesión de axuda funcionou a través dun sistema de vales que as familias tiñan que canxear nos establecementos colaboradores.*
2. *Á vista dos importes concedidos e aprobados previamente (por acordo de Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria o 10.12.2020), valóranse as xustificacións presentadas en tempo e forma, descartando aqueles documentos xustificativos que carecen de validez ou que contemplan conceptos non subvencionables (segundo as bases da convocatoria).*
3. *Que rematado o prazo de xustificación, foron presentadas un total de 24 xustificacións (45 menores), o total das axudas solicitadas.*
4. *Que a documentación aportada e revisada entra en forma e prazo establecido nas bases da subvención agás os seguintes supostos:*

- Unha familia que por entender mal o prazo presenta a documentación fóra da hora o último día e o rexistro consta ao día seguinte da data do remate.

- Unha familia que trae a documentación a través do seu fillo aínda menor de idade e solicítase que acuda un dos seus proxenitores a asinar, xa fóra do praza establecido.

- Unha familia que ten un accidente de tráfico os días anteriores do remate e envía a xustificación por correo electrónico, sen cumprimentar o anexo da xustificación.

5. Que tendo en conta as incidencias anteriores, e que as tres familias teñen expediente aberto no departamento de Servizos Sociais, que as causas das incidencias resultan comprensibles e observamos vontade de colaboración, valoramos axeitado aprobar as xustificacións xunto coas restantes.

6. Que o pagamento realizárase directamente aos establecementos colaboradores, previa presentación da factura pola súa parte, coincidindo cos seguintes importes:

- Librería Xeila: 395,65 €
- Cooperativa Meirás: 187,89 €
- Xoguetería Din Don: 746,58 €
- Xoguetería Muíño do Fabal: 100 €
- Sprinter: 700 €
- Electrodomésticos Nito: 100 €
- **TOTAL: 2230,12 EUROS**

*Este é o informe que se emite a Alcaldía para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.*

*En Valdoviño a 21 de xaneiro de 2020*

*Iria García Martínez*

*Educadora Social”*

### **PROPOÑO,** á Xunta de Goberno Local

1. Elevar a definitiva a proposta de concesión provisional ao non existir ningunha denegación.
2. A aprobación das 24 xustificacións presentadas e o seu pagamento, aceptando tamén as que presentan incidencias, cun total de 2230,12 euros.
3. O pagamento das facturas que presenten os establecementos polo valor que se expón a continuación:
  1. Librería Xeila: 395,65 €
  2. Cooperativa Meirás: 187,89 €
  3. Xoguetería Din Don: 746,58 €

4. Xoguetería Muíño do Fabal: 100 €
5. Sprinter: 700 €
6. Electrodomésticos Nito: 100 €

En Valdoviño, a 22 de xaneiro de 2021

Alberto González Fernández  
O Alcalde”

**Vista a anterior proposta de Alcaldía a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a súa aprobación.**

PARTE DE ACTIVIDADE

**6º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-**

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente  
Rosa Ana García López  
Sergio Saavedra Gutiérrez  
Alejandro Antonio Garcia Sousa  
Jessica Sabín Fernández

Toma a palabra o Sr. Alcalde informando de que se está a espera de novas normas e de que se van pechar os parques infantís.

**10º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e trinta e cinco minutos deste minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde*